

Unha novela tamén ambientada na Coruña, cunha imaxe moi fiel á realidade histórica (A Coruña, 2-5-2013)

Teño que dicir que a miña reacción á noticia de que Xosé María Lema publicaba unha novela foi a de **sorpresa**. Sei que non son o primeiro en dicir isto.

Coñecía o seu labor como investigador e divulgador do patrimonio da Costa da Morte. Un traballo rigoroso, metódico e que deu abundantes e variados froitos. Nestes últimos anos, precisamente, viña publicando numerosos traballos en solitario ou en colaboración sobre pazos, faros, dolmens, hórreos, cruceiros etc. Un podía preguntarse cal será o próximo tema a tratar, **pero non imaxinaba unha novela**.

Unha vez sabido isto, podía darse por feito que se trataría dunha novela histórica. Pero resulta que tampouco. É **unha novela de aventuras**.

Pasada a estrañeza inicial e unha vez lido o libro comprobamos que o bo facer do Lema investigador ponse aquí ao servizo dunha idea que el tiña moi clara e que o conduce a un éxito sen ambaxes. Fai unha boa novela de aventuras, entretida, pero cunha serie de **valores engadidos**: a ambientación xeográfica e histórica, elementos da cultura popular e a vida cotiá, o traballo da lingua e uns valores e ideas que enriquecen un texto con vontade non so de entretemento senón tamén cun certo espírito filantrópico.

Comentarei algúns aspectos da obra advertindo que non vou ser eu quen desentrañe a trama. Procurarei falar dela sen contar nada esencial que reste interese ou mingüe a lectura pracenteira que toda novela de intriga, acción e aventura produce.

Unha novela de aventuras fiel ao xénero universal

1.- A historia está moi pensada, ben construída e ben rematada. A **estrutura en capítulos breves**, como se fose por entregas, alterna constantemente a acción principal con eses outros aspectos accesorios que lle dan sentido, prevalecendo sempre o ritmo narrativo sobre as digresións. As aventuras están protagonizadas principalmente por mozos, o que lle dá pulo e ritmo á acción. Mozos individualizados polo heroísmo e o amor, mesturando clases sociais e orixes diferentes, e tamén a mocidade como colectivo, como un coro grego clásico.

Podería facer outra cousa, pero fixo o que quixo facer: **unha novela de aventuras fiel ao xénero universal**, co que entronca directamente por continuar a trama dun clásico: os tripulantes da goleta *Hispaniola*, de nacionalidade británica, chegan ás costas galegas do *finisterrae* procedentes dunha aventura literaria anterior.

2.- Esta elección condiciona un tempo histórico concreto, digamos “mil setecentos sesenta e...”, e determina moitos dos elementos que a conforman. Pero esta servidume **non limita a imaxinación do autor**, senón que polo contrario se permite adaptar feitos e personaxes doutros tempos con total liberdade e sen caer no anacronismo que un historiador nunca debería permitir. Estamos en plena Guerra dos Sete Anos entre Francia e Inglaterra. A **Galicia que se retrata** é a do feudalismo, a época dos foros, e nela van aparecendo todas as clases sociais: nobreza, clero, mariñeiros e labregos asoballados, familias traballadoras, terratenentes e mesmo burguesía urbana. Apréciase o atraso de Galicia, pero tamén é a época da Ilustración, unha época de cambios e esperanza en tempos mellores.

Imaxe fiel da Coruña da época

3.- **A acción** transcorre na Costa do Solpor do título, concretamente en tres parroquias de Soneira e Nemancos, e **tamén na cidade da Coruña**. Atina Lema en buscar a particularidade humana e paisaxística do que hoxe chamamos Costa da Morte nun momento histórico anterior á aparición desta denominación turística ou xornalística que quedou fixada para sempre e coa que os fisterráns sempre se sentiron incómodos. A intención do título, penso eu, é a de que se reconsidere tal **denominación** e cambiala por estoutra **máis fermosa e menos tétrica, Costa do Solpor**, e cando menos igual de evocadora. E así, coller o relevo doutra valiosa novela, *La Costa de la Muerte*, do andaluz José Mas, publicada nos anos vinte.

Respecto á **Coruña que aparece na novela**, a imaxe é **moi fiel á realidade histórica**: unha cidade en plena transformación. Lema seguiu, con moi bo criterio, ao historiador Meijide Pardo. Na primeira metade do século XVIII a cidade estaba en decadencia: os edificios están arruinados, entre eles a propia Torre de Hércules. Hai pouca actividade comercial e pouco movemento no porto. Respecto á pesca, por exemplo, o porto de Muros tiña máis do triplo de barcos co da Coruña, que andaba máis parello ao de Corcubión.

Pero desde mediados de século, o pulo do próximo arsenal de Ferrol e a instalación de comerciantes vidos de fóra, sobre todo cataláns, van sinalar o despegue coruñés. A inseguridade no mar a causa dos corsarios e piratas era un dos problemas que limitaban o pretendido crecemento. E para acabar con eles precisábase renovar fortificacións e institucións que abrisen as posibilidades de mercado para os emprendedores. Aos Correos Marítimos que xa había con Inglaterra pretendíanse engadir a apertura do porto ao negocio coas Indias, o que o convertería **nunha verdadeira Cidade de Comercio**, segundo a denominación de Alfredo Vigo.

Cara a 1760 a cidade da Coruña andaba polos 2.000 veciños, que viñan sendo uns 8.000 habitantes. Nos mapas vemos unha Coruña caracterizada pola **bicefalia urbana: a Ciudad**, centro administrativo, xudicial e militar; e **a Pescadería**, onde empeza a bulir a actividade comercial e produtiva, separadas polo baluarte que un século despois deixará o espazo á gran praza de María Pita. Na data da novela a Real Audiencia viña de estrear un novo edificio ao que se xuntaba o cárcere, e que hoxe chamamos Capitanía. Un edificio que anuncia a arquitectura neoclásica e que representaba o centro do poder político de Galicia. A poucos metros, na praza da Fariña, ciscaban as vellas Casas Consistoriais, pendentes de reforma. Na **Pescadería** construíase a nova Aduana, necesaria para regular o tráfico de mercadorías no porto; e os xesuítas inauguraban tamén o seu convento e igrexa (hoxe de San Xurxo). Levantábanse algúns pazos urbanos ou casas señoriais de familias burguesas, como os Cornide, Zuazo, Agar, Hijosa, etc. Algúns deles serán ocupados logo por **novas institucións**, como o Consulado Marítimo, que será o que culmine esta **etapa de prosperidade** coa restauración da Torre de Hércules nos últimos anos do século.

Dominio do idioma

4.- Respecto á **lingua empregada** na novela hai un gran coidado e dominio do idioma, coa riqueza léxica e fraseolóxica do galego en todo o seu esplendor, pero sen dificultar por iso a súa lectura. Abundan as formas dialectais fisterrás. A lingua do século XVIII é recreada e adaptada, pero mantendo o equilibrio entre o ton da época e a linguaxe literaria actual.

A riqueza léxica do galego rural en concreto, a min, que son *urbanita*, prodúcemme admiración. Creo que queda ben reflectido neste diálogo:

- “E esa árbore?

– *Unha árbore? Non é tal .. é un carballo*” (páx. 343).

Moi similar ao que escribiu **Castelao** nos seus diarios de arte:

“Confeso que non sei como é o albre. Pra comprender téñenme que decir cerdeira, maceira, pereira, etc. (...) o albre endexamais o vin. Nos meus esforzos chego a maxinar un pau teso espetado no chan e dispois a miña imaxinación pérdese nas ponlas do albre”.

Tamén incorpora á linguaxe literaria a toponimia e a microtoponimia, os nomes de agros, de penedos etc. E os nomes de persoas, os alcumes, dos que fai listas nas que todos podemos recoñecer a algún veciño ou parente... Somos un país moi afeccionado a poñer e cambiar nomes, como recolleu Filgueira Valverde en *Quintana viva*, nos seus ‘nomeandeiros’ e ‘alcumantes’.

5.- Abundan as **referencias a elementos da vida cotiá**, da etnografía e das lendas galegas. Referencias a cabaceiras, milladoiros, esculturas populares e pacesas.

Chamoume a atención particularmente o *valado do vento*. Un dos protagonistas do libro aprendeu do seu pai a construír valados de pedra para evitar que os rabaños de ovellas caian ao mar. Este oficio artesán require falar coas pedras. Unha mestura de arte popular e poesía que entronca coa sensibilidade de artistas do noso tempo, como o Manolo Paz dos menhires do Campo da Rata, por exemplo.

Aínda **no século da Razón**, dise que **as lendas antigas** teñen un pouso de verdade. Populares lendas galegas cobran un protagonismo determinante na trama. A do Buxerán, ou Buserana, recollida por Gonzalo López Abente, ou a dos Mariño de Lobeira, recreada literariamente por Gonzalo Torrente Ballester en *El cuento de Sirena*, do que hai unha fermosa edición ilustrada por Miguelanxo Prado. E é que como todo bo libro este *Costa do Solpor* ábrenos as portas a novas lecturas e relecturas.

Encontro cos da nosa corda: galegos, bretóns, británicos

Pero as lendas populares das que falamos e outros moitos aspectos que consideramos nosos, teñen a súa **correspondencia noutros países da nosa corda**. Na novela, o encontro entre bretóns, galegos e británicos saca á luz unha serie de paralelismos e cruzamentos entre lendas, costumes e tradicións dos chamados Países Celtas ou da Europa Atlántica. Aí está tamén a **vocación universal do libro**. Esa harmonía entre países celtas que representou o noso artista Correa Corredoira na Rosa dos Ventos que está ao pé da Torre de Hércules ou de Breogán, nun miradoiro de horizonte circular fronte ao océano, e que a través dos emblemas destes sete países e máis a orixe do Xerión, quere representar o fluír de dous mundos, o da natureza e o das ideas, que son os que moven aos heroes do noso libro.

Ideas da época da Ilustración sobre a tiranía e o poder, sobre o progreso e as actitudes do pobo que están en constante diálogo co noso tempo para que o lector do século XXI se identifique e tire proveito da historia. Un **libro escrito con amor á terra**, sacando o mellor das xentes destas bisbarras, pero **tamén cun decidido espírito crítico**. E refirome sobre todo á valentía pouco frecuente de deixar en evidencia certas actitudes ou aspectos do que podemos nomear carácter galego, ese minifundismo mental que tanto nos prexudica e que hai que combater. Aínda temos fresca a experiencia da traxedia ecolóxica vivida hai pouco máis de dez anos nesta costa, onde fomos testemuña destes comportamentos. Pero afortunadamente, igual que na novela, **a marea solidaria subiu** cunha forza imparable.

[Extracto do texto lido na presentación na Biblioteca de Atochas-Monte Alto, A Coruña (The Groyne): José M^a Laredo Cordonié, gran coñecedor da historia da Coruña, autor de obras etnográficas e antropolóxicas]